



## OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHAREL

Segundo o artigo 31 da *Orde do do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa*, para a obtención do título de bacharel será necesaria a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir que unha alumna ou un alumno obteña o título de bacharel cando supere todas as materias agás unha, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno conforme aos criterios establecidos por parte do centro no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

Considérase abandono da materia:

- deixar os exames en branco ou non responder con coherencia ás preguntas ou exercicios propostos na proba.
- A inasistencia continuada e non xustificada debidamente ás titorías lectivas (1 sesión semanal) por parte da alumna ou alumno (tomando como referencia a porcentaxe de faltas permitida pola lexislación para a avaliación continua).

c) Que a alumna ou alumno se presentou a todas as probas oficiais fixadas polo centro, respondendo a todas as partes que as compoñen e realizou/entregou en tempo e forma todas as actividades (publicadas na aula virtual ou no medio que o profesorado estableza) necesarias para a súa avaliación, incluíndo tamén a convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco. Para os efectos deste cálculo, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Asinado dixitalmente.

Amalia Vázquez Vázquez.